

**REGULAMENTO TÉCNICO****Artigo1. XENERALIDADES.**

Toda modificación está prohibida, salvo que este expresamente autorizada polo presente Regulamento. Por razóns de seguridade calquera vehículo pode ser rexeitado, e non será autorizado a tomala saída.

**Artigo 1.1 - Definicións. Vehículos.****CLASE P:**

Todo libre excepto axudas de elevación en suspensión ou carrozaría (todas estas modificacións deberan pasar as aceptacións do responsable técnico da federación nomeados a tal efecto).

**Categoría PM.**

Prototipos sen dirección traseira. As rodas son libres, non importa o tamaño. Obligatorio barras antivuelco.  
Obligatorio 2 bloqueos.

**Categoría M.**

Vehículos completamente reformados.

Rodas libres.

Prohibida dirección traseira ou calquera elemento que modifique a posición do eixe traseiro.

Obligatorio barra antivuelco.

Non é posible utilizar eixes pórtico.

En caso de vehículos sen carrozar son obrigatorias as barras antivuelco, en caso de vehículos carrozados non será necesario.

Recórdase que si hai unha dúbida coas puntuacións reclamábase antes de asinar, unha vez asinado non se poderá reclamar.

**Artigo2. - EQUIPO DE SEGURIDADE.**

As normas seguintes aplícanse a todos os vehículos, e pilotos, das prescripcións dos anexos "J" correspondentes a estas normas.

**Artigo 2.1.**

Canalizacións e bombas.

**Artigo 2.1.1.**

As condicións de combustibles, aceite, e freos, deben estar protexidas externamente contra calquera risco de deterioración (pedras, corrosión, roturas mecánicas, etc.) e internamente contra todo risco de incendio.

Deberán cumprir as especificacións do Artigo 253.3.2 do Anexo J, sempre que NON se manteña a instalación de orixe.

### **Artigo 2.1.2.**

Todas as bombas de combustible funcionaran unicamente cando o motor estea en funcionamento, ou durante o proceso da posta en marcha.

### **Artigo 2.1.3.**

Está prohibido a instalación de bombas, depósitos, repartidores, canalizacións ou similares dentro do habitáculo.

### **Artigo 2.2. Estructuras antivuelco.**

Deberá instalarse un arco de seguridade de 6 puntos, como mínimo, conforme ao Artigo 253.8, e a X da parte superior Artigo 253.9 do Anexo J, na división C. D. pódese instalar un arco de seguridade a maiores, sobre o exterior do vehículo coa condición de que non pode sobresaír máis de 7 cm. do exterior do vehículo.

Sempre que non teñan arestas ou saíntes que puidesen resultar perigosos.

### **Artigo 2.3. Paragolpes.**

Os paragolpes dianteiro e traseiro poden ser substituídos, por outros que sobresaian menos da carrocería, podendo ser estes metálicos sempre que non teñan arestas ou saíntes que puidesen resultar perigosos.

Cando os paragolpes aloxen pilotos ou faros de calquera tipo, devanditos pilotos ou faros poden ser retirados ou reubicados noutro lugar, de acordo coa ley de tráfico vigente.

### **Artigo 2.4. Argolas para remolque.**

Tódolos vehículos deben ter argolas de remolque, mínimo unha dianteira e unha traseira; debidamente sinalizadas, e coa resistencia para que o vehículo poida ser remolcado ou levantado.

Non poderán exceder o perímetro do vehículo, e deberán ser facilmente visibles, estando pintadas de amarelo, laranxa, ou vermello, e sinalizadas cunha frecha pintada do mesmo cor.

### **Artigo 2.5. Cortacorrientes xeral.**

O cortacorriente xeral deberá cortar tódolos circuitos eléctricos, e parar o



motor.

Debe ser dun modelo antideflagrante, e será accesible desde o interior, e exterior do vehículo.

No exterior estará situado na parte inferior do montante do parabrisas.

Estará marcado por un raio vermello nun triangulo azul co bordo branco, de polo menos 12 cm.

### **Artigo 2.6. Arnese de seguridade.**

Obrigatoriamente para o piloto, con polo menos, catro puntos de ancoraxe conforme ás especificacións do Artigo253.6 do Anexo "J" .

As dúas bandas dos ombreiros deberán ter puntos de ancoraxe separados.

### **Artigo 2.7. Asentos.**

Os asentos son libres, pero tódolos vehículos deben de ter un asento para o piloto e outro para o copiloto.

Recoméndase a instalación dun asento homologado para o piloto.

As fixacións e soportes teñen que ser as orixinais do vehículo, si se cambian, teñen que cumprir as prescricións do Anexo "J" Artigo253.16. No caso de prototipos (Clase P) cun asento homologado para o piloto será suficiente.





# CAMPIONATO DE GALICIA DE TRIAL 4X4

PROBA								ZONA NÚMERO:
	PILOTO							1 2 3
	NAVEGANTE						DORSAL	
VEHICULO					GRUPO			4 5 6
ZONAS SABADO			HORA DE COMENZO		ZONAS DOMINGO			HORA DE COMENZO
50	49	48	47	46	45	44	43	
42	41	40	39	38	37	36	35	
34	33	32	31	30	29	28	27	
26	25	24	23	22	21	20	19	
18	17	16	15	14	13	12	11	
10	9	8	7	6	5	4	3	
2	1	PORTAS						

## PUNTUACION FINAL

PUNTOS SABADO	
PUNTOS DOMINGO	
TOTAL PUNTOS	



